

TAREFA 4. COMO CONSUMIMOS?

No presente, a humanidade afronta importantes problemas. As nosas economías e o noso sistema de consumo explotan recursos naturais tan rapidamente que non lle damos tempo ao planeta para que rexenere eses recursos. Temos que apostar por un modelo económico que non esgote os recursos naturais e que permita satisfacer as necesidades de todos os seres humanos sen comprometer as das vindeiras xeracións. Este sistema coñécese como **desenvolvemento sostible**.



Actividades

1	➡ Un dos vosos provedores de alimentos agrícolas non entende por que preferides produtos sostibles si son un pouco máis caros. Para poder explicarllo mellor, vedes antes un vídeo para informarnos: 🖱 Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (UNESCO): https://www.youtube.com/watch?v=MCKH5xk8X-g
2	➡ Agora xa podedes explicarlle ao voso provedor en que consiste o desenvolvemento sostible. 🖱 Escribide un e-mail para explicarlle o significado de “desenvolvemento sostible” e de que xeito se relaciona coa agricultura: 🖱 Beneficios da agricultura de conservación: https://www.fao.org/conservation-agriculture/impact/benefits-of-ca/es/ 🖱 Agroecoloxía e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible: https://www.fao.org/agroecology/overview/agroecology-and-the-sustainable-development-goals/es/



Avaliación

0.	O traballo non foi entregado.
1.	Redáctase o texto, pero non se relacionan os conceptos “sostible” e “agricultura”.
2.	Redáctase o texto, explícase a relación, pero emprégase argumentos moi simples ou pouco claros, ou ben cométense moitos erros gramaticais.
3.	Redáctase o texto, explícase a relación e a expresión é clara.
4.	Redáctase o texto, explícase a relación achegando argumentos elaborados e a expresión é adecuada cun emprego do vocabulario específico.